

DEFENDAMOS OS DEREITOS HUMANOS

**Campaña pola liberdade de expresión e contra
a criminalización da solidariedade con Palestina**

Nós, defensores e defensoras dos Dereitos Humanos e a loita non violenta do pobo palestino polos seus dereitos establecidos pola ONU, vimos de ser acusados/as de delitos en relación cos acontecementos que tiveron lugar en agosto de 2015 durante o festival de reggae Rototom Sunsplash de Benicàssim. Consideramos que esta é unha violación flagrante da liberdade de expresión e un intento de criminalizar e reprimir o noso dereito democrático á defensa dos dereitos humanos tanto nos nosos territorios como internacionalmente.

Fomos acusadas/os por Abel Isaac de Bedoya de cometer actos de ameaza, coacción e incitación ao odio, a raíz da nosa pacífica campaña para convencer o Festival Rototom Sunsplash de cancelar o convite dun artista con historia de crimes de guerra e violacións graves dos Dereitos humanos, incitación ao odio racial, negación da existencia do pobo palestino e conexións documentadas con grupos fundamentalistas extremistas e violentos. A identidade do artista nunca tivo ningunha relevancia na nosa campaña. Consideramos que calquera persoa -independentemente da súa identidade- que defenda e/ou colabore con este tipo de delitos extremistas, racistas e violentos non é coherente cun festival, como o Rototom Sunsplash, que ten unha longa historiade compromiso coa paz e os dereitos humanos.

Toda a nosa campaña para convencer ao festival de cancelar a invitación deste artista foi feita a través de canles públicas como Twitter, en exercicio da nosa liberdade de expresión e de acción política lexítima e non violenta. No verán de 2014, o ano anterior, caeron bombas israelís sobre Gaza e asasinou a máis de 2.100 persoas (incluíndo máis de 500 nenas e nenos). Nesas semanas, a organización do Foro Social Rototom Sunsplash invitou ao grupo BDS País Valencià, grupo ao que pertencen algunhas das persoas acusadas hoxe, para participaren no seu foro de debate.

Alí estabamos acompañadas/os do xornalista David Segarra, sobrevivente do asalto do exército israelí á flotilla da liberdade en 2010, na que 10 persoas foron asasinadas. Matisyahu xustificou este ataque que case remata coa vida deste xornalista valenciano.

O letrista do artista, Ephraim Rosenstien, é el mesmo un colono nun asentamento ilegal en Cixordania. Rosenstien está ligado a Honenu, unha organización israelí que defende o terrorismo dos colonos que atacan diariamente á poboación palestina para expulsala das súas terras. O propio Matisyahu, un mes despois de Rototom 2015, deulle a man alegremente a un líder de colonos en Cixordania mentres afirmaba "gañamos a batalla" (do Rototom). As colonias israelís en Cixordania non só violan o dereito internacional e recentemente foron condenadas polo Consello de Seguridade da ONU na súa resolución 2334 de 12/23/2016, senón que acollen a colonos que atacan violentamente e diariamente a poboación palestina, como o colono israelí que queimou vivos até a morte a un bebé palestino de 18 meses, a súa nai e ao seu pai, menos de tres semanas antes do inicio do Rototom 2015. Non podemos esquecer tamén como Matisyahu puxo a súa

música e o seu traballo ao servizo da organización de Amigos do exército israelí (FIDF), que levanta fondos para o exército do Estado de Israel, que masacró, reiteramos, máis de 500 nenos e nenas de Gaza no verán de 2014.

Creemos que estas falsas acusacións contra nós forman parte dunha estratexia moito máis ampla, financiada e dirixida por Israel e os seus grupos de presión, para criminalizar as campañas pacíficas e de apoio aos Dereitos Humanos do pobo palestino e, en particular, contra o movemento do Boicot, Desinvestimento e Sancións (BDS) pola liberdade palestina, a xustiza e a igualdade. Evocando o período máis escuro da represión no apartheid de Sudáfrica, a estratexia de Israel para loitar contra o BDS emprega a guerra legal, a espionaxe e unha intensa propaganda.

Impulsada en 2005 por máis de 170 organizacións da sociedade civil palestina, o movemento de Dereitos Humanos BDS fai un chamamento ás persoas de conciencia, ás organizacións da sociedade civil, confesións, sindicatos e os colectivos de base para aplicar unha presión non violenta ao sistema de ocupación, apartheid e colonización de Israel co obxectivo de lograr a aplicación do dereito Internacional e Dereitos Humanos.

O movemento BDS está inspirado na loita sudafricana contra o apartheid e os boicots internacionais que axudaron a acadar os seus obxectivos, así como o movemento dos dereitos civís de Rosa Parks, Martin Luther King ou Nelson Mandela.

Respectamos os principios do movemento BDS, que rexeitan todas as formas de racismo, incluíndo o antisemitismo. O apoio xudeo a BDS aumentou considerablemente nos últimos anos, especialmente nos Estados Unidos, onde unha enquisa realizada en novembro de 2014 por un lobby de Israel, revelou que o 46% dos homes non ortodoxos xudeus-americanos menores de 40 anos apoian o boicot total a Israel.

Estéase ou non de acordo co movemento BDS e as súas tácticas, hai que aceptar que a defensa dos dereitos palestinos en virtude do dereito internacional a través dun movemento non violento, inclusivo e antirracista, como é o BDS, é absolutamente lexítimo baixo a liberdade de expresión. Esta é precisamente a posición oficial da Unión Europea (UE).

Federica Mogherini, xefa da diplomacia da UE, dixo: "A UE mantense firme na protección da liberdade de expresión e a liberdade de asociación de acordo coa Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, aplicable no territorio dos Estados membros da UE, incluídas as accións do BDS realizadas neste territorio. A Liberdade de expresión, tal e como subliña a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos tamén é aplicábel á información ou ideas que poidan ofender, chocar ou perturbar o Estado ou a calquera sector da poboación".

Ademais da UE, os gobernos de Suecia, Irlanda e Holanda, así como as principais organizacións internacionais de dereitos humanos, incluída Amnistía Internacional, a Federación Internacional dos Dereitos Humanos e da Unión Americana de Liberdades Civís, teñen defendido o dereito a pedir un boicot contra Israel como unha cuestión inseparábel da liberdade de expresión

O BDS é apoiado ou atendido por personalidades internacionais como o Premio Nobel da Paz Desmond Tutu, o supervivente do campo de concentración nazi en Buchenwalde

coautor da Declaración Universal de Dereitos Humanos, Stéphane Hessel ou sobreviventes do Holocausto como Hajo Meyer, Hedy Epstein, Suzanne Weiss, Alfred Grosser e Chava Folman Raban, que pediron a fin da ocupación, o apartheid e a colonización en Palestina. En agosto de 2014 ,centos de vítimas xudías do Holocausto chamaron ao "boicot completo" a Israel.

Como defensoras/es moralmente coherentes dos Dereitos Humanos, denunciaremos e faremos públicas as manipulacións e mentiras arroxadas a nós polo lobby de Israel e os seus partidarios no Estado Español e pediremos a mobilización das redes de apoio e mutuo e solidariedade. Todas aquelas persoas ás que lles preocupa a protección dos dereitos humanos e os dereitos políticos, especialmente o dereito á liberdade de expresión, verá esta caza de bruxas contra nós como unha ameaza ao principio de liberdade de expresión e un intento de silenciar a solidariedade coas causas dos dereitos Humanos, como a causa do pobo palestino.

Pedímosvos nutrir esta rede de solidariedade. Asinar e difundir a voz.

Para asinar / unirse / dar apoio, enviade un correo electrónico co nome, apelido e profesión (ou o nome da organización) a: defensemddhh@gmail.com

Grazas

<https://defensemddhh.wordpress.com/>